




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Ría de Ribadeo. Municipios: Ribadeo ao norte e Trabada ao Sur.  
Parroquias: Santiago da Ría de Abres e Santa María Madalena da Valboa (Trabada); Santiago de  
Couxela e Santalla de Vilausende (Ribadeo). Extensión: 7,36Km2.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Relevo contrastado. As extensas chairas intermareais e marismas constitúen un difuso contacto mar-terra. Decontado pásase a unha antiga chaira degradada polos cursos de auga que desaugan na ría e nas áreas de transición fluvial. Os leitos encáixanse en vales relativamente abertos pero con fortes pendentes que deben a súa potencia á proximidade das serras costeiras e o desnivel salvado polas augas en poucos quilómetros.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio metamórfico, con lousas e cuarcitas paleozoicas da Serie de Vilameá. Sobre elas, nos vales do Rego da Veiga, Rego de Ferreira e Rego do Carballal, aparece unha cobertura de depósitos aluviais de orixe cuaternario. Tamén de orixe cuaternario e ampla é a cobertura de sedimentos de marisma na zona intermareal.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade de ambiente climático cálido e seco caracterizado por unha temperatura media anual que supera os 14°C e precipitacións entre 800mm e 1000mm anuais. En todo o esteiro a amplitude térmica media anual non supera os 13,5°C.

#### OS SOLOS

Cambiloses eútricos, de boa aptitude agrícola, a media ladeira das vertentes, mentres que o fondo do val e na desembocadura dos leitos principais se desenvolven fluvisóis hápticos, os solos comarcais de mellor calidade para o cultivo.


#### AS AUGAS

As pequenas cuncas fluviais que conteñen a unidade verten na masa de Augas de Transición Eo-Ribadeo (20456). Os principais ríos son, ao sur o Rego Ferreira e o seu afluente pola dereita Rego de Carballal e na parte norte da unidade o Rego da Veiga.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Área intermareal e leito fluvial protexido pola ZEPA Ribadeo. O hábitat destacado encádrase nos grupos 11, "Augas mariñas e medios de marea", (1130, 1140); e 13, "Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais".

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O uso do solo da unidade encóntrase repartido, practicamente a partes iguais, entre o espazo dedicado ao cultivo e o espazo ocupado polo arboredo de repoboación. A distribución destes usos vai en consonancia coa orografía que presenta a unidade: os terreos de cultivo aproveitando as zonas máis chás mentres que o uso forestal cobre as zonas de relevo máis abrupto e vertentes fluviais onde nalgúns casos se desenvolve a vexetación de ribeira como é o caso dalgúns tramos do rego da Ferreira ao sur, e no tramo final do rego da Veiga ao norte da unidade.

#### MORFOLOXÍA

A rede de asentamentos caracterízase por unha baixa densidade e as poboacións existentes responden ás características propias do modelo tradicional. Os asentamentos localízanse en zonas de pouca inclinación, separados en menor ou maior medida, da ribeira do río Eo e rodeados dos terreos de cultivo cuxos recursos explotan. A morfotopoxía destes asentamentos caracterízase pola agrupación de edificacións que conforman inequivocamente un conxunto. Tamén se percibe a existencia de granxas dispersas pola unidade compostas por dous ou tres edificacións que responden á vivenda e edificios anexos de uso agrario.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As infraestruturas de comunicación presentan dúas disposicións claramente definidas. Unha primeira de carácter lonxitudinal que discorre paralela e absolutamente cinguida á marxe esquerda do río Eo, a este modelo responden a estrada N-640 e a liña de FEVE que procedente de Asturias incorpórase no centro da unidade e discorre desde entón en sintonía coa N-640. A outra disposición das vías é de carácter transversal aproveitando os corredores xerados pola rede hidrográfica e que permiten a conexión a partir da N-640 cara ao interior da unidade. A este modelo responden, de sur a norte, as estradas LU-132, LU-5203 e LU-5205.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Cómpre destacar a existencia dun castro no extremo noroeste da unidade. O depósito está catalogado como patrimonio arqueolóxico e é oficialmente denominado como "Os Castros" aínda que é tamén coñecido como "o castro de Pumarega". A súa orixe atribúese entre a Idade de Ferro e a colonización romana. No tocante ao patrimonio cultural destacan, de sur a norte, os catalogados nas poboacións de Vilafernando (Capea de Nsa. Sra. do Carmen, casas con pombais e conxunto de pozo e lavadoiro), Couxela (igreja parroquial), Porto de Abaixo (ponte sobre o Eo) e Vilaousende (igreja parroquial, pazo e pombal de Quinta Longa).

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A relación entre os usos do solo e os asentamentos de poboación presentes determinan o carácter marcadamente agrario da unidade. Este territorio caracterízase, desde o punto de vista física, pola presenza de relevos positivos no oeste que decaen progresivamente cara ao esteiro do Eo favorecendo a seguinte organización espacial: nas zonas onde a enerxía do relevo xera unha orografía positiva con fortes vertentes hai unha presenza absoluta das masas arbóreas; onde o relevo foi incidido pola rede hidrográfica localízanse as vías de comunicación; e por último, nos espazos cunha orografía máis suave establécense os asentamentos de poboación e os terreos de cultivo. Deste xeito, a unidade se ben presenta un carácter lonxitudinal acompañando o discorrer do río Eo presenta importantes imbricacións transversais cara ao interior debido á sucesión de vales e cordais de orientación perpendicular á do río Eo.

**DINÁMICA DA PAISAXE**


Non existen dinámicas sobresaíntes no conxunto da unidade. O proceso máis sensible sobre o territorio é o de concentración parcelaria que propiciou o agrupamento en grandes lotes do parcelario preexistente. Doutra banda obsérvase o abandono dalgúns sectores de cultivo menos accesibles que foron gañados como superficie forestal. O crecemento de edificacións desta unidade é máis ben escaso e o que se observa se acomodou, agás excepcións, ao modelo preexistente. Unha destas excepcións localízase nas proximidades da desembocadura do Rego de Fomelo, onde se observa un crecemento apoiado na N-640 e que incluso ocupa parte do esteiro do Eo.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN****VALORACIÓN DA PAISAXE**

O conxunto da unidade presenta un bo estado de conservación, pois non sufriu transformacións considerables con respecto ao modelo primixenio. Hai que ter en conta que a unidade alberga importantes valores ecolóxicos e ambientais derivados fundamentalmente da existencia do grande esteiro que forma o río Eo nas proximidades á súa desembocadura. Tal é a súa importancia ambiental que neste sector se superpón varias figuras oficiais de protección que fan referencia ao esteiro do Eo: ZEPA1 e LIC segundo a Directiva Hábitats da Unión Europea, ZEPVN e Braña Protexida segundo a rede galega de espazos protexidos. Ademais o conxunto da unidade pertence á Reserva da Biosfera denominada "Río Eo, Ocosos e Terras de Burón". O alto da Penamoura, ao noroeste da unidade, cos seus máis de 200m de altitude é un bo punto panorámico para a observación e comprensión do conxunto. Estas características poden apreciarse dende o punto de observación sinalado na cartografía desta unidade.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



